29outubro2026

CIG Confederación Intersindical Galega ENSINO

informa centros adultos

www.cig-ensino.gal

Centros Ensinanzas de Educación para Persoas Adultas

Publicación: 26 de novembro
Participación: 15 días hábiles após a publicación no DOG
Reclamacións e renuncias: 10 días hábiles logo da resolución provisional.
Persoal participante: Funcionariado de carreira e en prácticas do corpo de secundaria e de mestras.
Prioridade na participación conxunta con outros concursos: Adultos, Orientación e Concurso Xeral de Traslados

O concurso de traslados para centros que imparten ensinanzas para persoas adultas é específico e, polo tanto, a Consellaría ten máis marxe que no CXT que se rexe por unha normativa básica de ámbito estatal.

Con todo, parece lóxico que moitos dos apartados manteñan a mesma puntuación e requisitos que o CXT, pero hai algúns que si deberían mudar, como pode ser o tope de puntuación en outras funcións docentes ou eliminar a puntuación por postos na Administración.

Desde a CIG-Ensino solicitamos tamén:

Participación de quen obtivo destino definitivo no último CXT

Solicitamos que se poida participar sen levar dous anos no destino definitivo tendo en conta que este concurso non se convoca todos os anos

Requisito lingüístico

É unha vergoña que nun concurso de ámbito galego a Consellaría só esixa o coñecemento da nosa lingua a algunhas especialidades e non a todas, cando ademais o funcionariado que aprobou un proceso selectivo en Galiza tivo que acreditar, por formación, titulación ou exame, o coñecemento do noso idioma.

Ademais, o acordo asinado entre PP e PSdG fai esta medida aínda máis necesaria. Ao deixar en mans das direccións e dos claustros de cada centro a decisión sobre que materias se imparten en galego, calquera docente pode ter que impartir a súa materia na nosa lingua. Por iso, todo o profesorado debe ter perfil lingüístico galego. O contrario só xerará máis burocracia e fricción nos claustros, e restrinxirá aínda máis a presenza do galego nas aulas.

Puntuar o tempo traballado nas ensinanzas de persoas adultas en IES

Solicitamos que no apartado 7.2. se puntúe o tempo traballado a todo o profesorado que imparte toda a súa docencia na ESA ou no Bacharelato para persoas adultas en centros ordinarios, e non ser excluídos deste

apartado que valora precisamente a experiencia con persoas adultas. Abondaría cunha certificación da Inspección Educativa para acreditar este traballo.

Prazas reclamadas pola CIG-Ensino

Reclamamos unha praza de Bioloxía e Xeoloxía da EPAPU Río Lérez, xa que sae unha pero precisan dúas.

Non temos coñecemento aínda das xubilacións da provincia de Pontevedra, e solicitamos que se revise se hai algunha xubilación máis antes de rematar o ano, xa que hai posibilidades dunha vacante máis de Xeografía e Historia.

Soliticamos tamén unha praza de Lingua Castelá para dar Lingua Española para persoas estranxeiras para a EPAPU Berbés de Vigo.



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal